

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18/07/2019, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **18/07/2019** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 4 de Xullo de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

LICENZA URBANÍSTICA

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o Artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder conceder LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN en favor de MARCOS DÍAZ LIRES e MARÍA CONCEPCIÓN MARIÑO SUÁREZ, para unha Vivenda Unifamiliar de planta baixa e piso emprazada nunha parcela sita na localidade de Ermedesuxo de Arriba do Termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución redactados a tal efecto polo Arquitecto, Raimundo Ferreirós Ferro de data Marzo de 2017 con visado do día 20 de Xuño de 2017 e demais documentación obrante no expediente.-

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-Vista a Comunicación Previa presentada por parte de Marcos Traba Traba, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1859 de 17/07/2019) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas dunha vivenda (Referencia Catastral 8404206MH7580S0001JD).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Xullo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa presentada por parte de Soledad Varela Pardo, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1805 de 11/07/2019) para proceder á realización de obras consistentes na substitución de ventás por outras de PVC nunha vivenda (Referencia Catastral 8802313MH7580S0002HF).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Xullo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais

- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de David Trillo Santiago, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1853 de 16/07/2019) para proceder á realización de obras consistentes na colocación de granito de 2 cm de espesor para o revestimento da fachada nunha vivenda (Referencia Catastral 8702602MH7580S0001OD).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Xullo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa presentada por parte de Casto Díaz Lires, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1847 de 16/07/2019) para proceder á realización de obras consistentes na reparación de tellas vellas, lavado e pintado en cor claro nunha vivenda (Referencia Catastral 001801300MH75D0001TQ).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Xullo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa presentada por parte da Entidade Banco Santander S.A., con C.I.F A39000013 e domicilio social en Avenida Isla Graciosa 5, Edificio Marte 2 - 2ª planta, 28703 San Sebastián de los Reyes (Madrid), (Rexistro de Entrada 1811 de 12/07/2019) para proceder á realización de obras consistentes na reforma interior do local sito na Rúa Real 33 da Vila de Fisterra sen afectar á fachada existente (Referencia Catastral 8607510MH7580N0002GY).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Xullo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **Juan Manuel Santamaría Canosa**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1752 de 8/07/2019) para proceder á realización de obras consistentes na reparación do tellado de uralita e colocación de tella nunha edificación (Referencia Catastral 8802331MH7580S0001ID).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Xuño de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais

-Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **Josefa Lobelos Castreje**, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1776 de 9/07/2019) para proceder á realización de obras consistentes na reparación, pintado en cor branco das fachadas e lavado do tellado nunha vivenda (Referencia Catastral 8706106MH7580N0001XT).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 10 de Xullo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ALFONSO PEDRO MOUZO LAGO, para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da instalación do servizo de saneamento e abastecemento de auga potable con destino a unha edificación destinada a vivenda unifamiliar (Referencia Catastral 15038A502002660001FA) conectando coa rede xeral que pasa pola zona .-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Xullo de 2019 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

Dado que o promotor é un familiar directo, auséntase da sesión a Tenente de Alcalde, Teresa Fernández Martínez.-

Seguidamente a Xunta de Goberno Local por Tres votos a favor, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto; condicionada a que:

a. - Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras de conexión ao saneamento municipal (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b.-Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c.-Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d.- A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando ésta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e.- No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f.-O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h.-Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i.-O interesado comunicarse coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo por dita concesionaria.

j.- No que respecta ó entubado das pluviais será responsable ó Promotor na necesaria reconstrución das mesmas co diámetro suficiente no caso de que se comprobe a falta de capacidade hidráulica das xa instaladas.

Así mesmo será responsable de todos os danos e prexuízos que poidan ocasionarse a terceiras persoas co motivo das instalacións realizadas.

3º.- Asuntos varios.-

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR

Examinado o expediente tramitado mediante Contrato Menor para proceder a execución da Obra denominada Mellora das Instalacións do Campo de Fútbol Municipal "Ara-Solis", a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1º.- Aprobar o gasto previsto para as actuacións a realizar polo importe de Nove mil cento noventa e tres euros con corenta e sete céntimos (9.193,47 €) incluído o Imposto sobre o valor Engadido con cargo a Partida orzamentaria 920.212.00 do Presuposto Ordinario de 2019 en base a Memoria Valorada redactada polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación.-

2º.- Requerir as Empresas capacitadas que a continuación se indican, para que no prazo de catro días naturais contados a partir do día seguinte o recibo desta invitación, presenten nesta Corporación Oferta Económica en Sobre Pechado (Sobre A) que deberá ser selado ou lacrado:

DENOMINACION	DOMICILIO
Construcciones O Rostro S.L.	Rúa San Xoán, 28 - Sardiñeiro de Abaixo 15153 FISTERRA
Construcciones Hnos Meijide S.C.	Rúa Prado da Viña, 3 15155 FISTERRA
<u>Jesús Castreje Durán</u> Promociones y Construcciones Susó	Rúa Alcalde Fernández, 32 15155 FISTERRA
<u>José Traba Pombo</u> Construcciones Traba	Lg/ Ermedesuxo de Arriba, 3 15154 FISTERRA

Asimesmo presentarse tamén un Sobre B onde se incluírá a seguinte documentación :

- Certificación de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social.-
- Certificación acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública.-
- Certificación acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia (Consellería de Facenda da Xunta de Galicia) .-
- Declaración xurada de non estar incurso/a en ningún tipo de prohibición para poder contratar coa Administración Pública.-
- Compromiso firme de levar a cabo a execución das Obras con suxección a Memoria Valorada.-

Dita documentación será obrigatoria, quedando automáticamente excluidas todas aquelas ofertas que non cumpran con dito requisito.-

3º.-Notificar dito acordo as citadas Empresa para o seu coñecemento e demais efectos.-

POS+ 2019 EXCMA DIPUTACION PROVINCIAL

A) Vista a Resolución da Presidencia da Excma Diputación de data 17 de Xullo de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1.-Iniciar expediente para a contratación da Obra denominada "Pavimentación Viario na aldea de San Martiño de Abaixo - Fisterra " por un importe de Cento dous mil cincocentos dezaioito euros con quince céntimos (102.518,15 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó modelo de prego de Cláusulas administrativas aprobado no seu día polo citado Organismo Provincial xunto cos Criterios de adxudicación que constan no expediente.-

2.- Publíquese Anuncio da licitación electrónica dentro da Plataforma de Contratación del Estado (<https://contrataciondelestado.es>) para que por parte dos interesados poidan presentar única e exclusivamente de forma electrónica a través da mesma, a documentación prevista no citado Prego en base o cadro de características e valoracións do mesmo que consta no expediente dentro do prazo de Vinte días naturais (20) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación na citada Plataforma.-

3.- De conformidade co previsto no Artigo 15.1 do Prego de Cláusulas Administrativas determinar que a Mesa de Contratación que procederá a avaliar as proposicións dos licitadores que poidan presentarse e formular proposta de adxudicación ante o órgano de contratación, estará integrada por :

Presidente

Jose Marcote Suárez.- Alcalde

Vogais

Alexandre Domínguez Lado

Secretario Interventor da Corporación.-

Arquitecto/a Departamento Urbanismo

Secretario

José Marcote López.- Funcionario da Corporación

AXUDAS ECONÓMICAS

- A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder á **ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA RAPACOLLON'S BIG BAND** con CIF **G70523766** e domicilio social no Paseo de Calafigueira, 3 desta Vila, unha axuda económica polo importe de Cincocentos euros (500,00 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionaron co motivo da súa actuación co motivo da Organización do III Entroido do Verán celebrado o día 6 de Xullo de 2019.-

EMERXENCIA SOCIAL

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **J. I. C.**, veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de primeira necesidade ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **P. E. P.**, veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Douscentos noventa e nove euros (299,00 €) co motivo da adquisición dun frigorífico, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

O pago de dito electrodoméstico efectuaráse directamente por este Concello a Empresa subministradora e entregado no domicilio familiar da solicitante.-

-Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **J. T. R.**, veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para protésis dental ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

O pago dos honorarios efectuaráse directamente por este Concello ó Centro Dental onde se leven a cabo as actuacións médicas.-

-Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **M. L. S.**, veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **J. L. S. L.**, veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos corenta e oito euros (348,00 €) co motivo da

adquisición dun frigorífico e unha cociña, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

O pago de ditos electrodomésticos efectuaráse directamente por este Concello a Empresa subministradora e serán entregados no domicilio familiar do solicitante.-

-Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Denegar a L.E. B. C., veciño de Fisterra, a expedición da Tarxeta de Estacionamento por carecer o solicitante das dificultades de mobilidade para utilizar transportes colectivos segundo o Informe emitido pola Sección de Cualificación e Valoración de Discapacidades de data 27 de Xuño de 2019 que consta no expediente.-

Padróns Fiscais ano 2018

A) Unha vez examinado o Padrón Fiscal Municipal da Taxa por Subministro de Auga confeccionado para o ano 2019 e encontrándoo conforme, a Xunta de Goberno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda Ratificar á Resolución dictada pola Alcaldía de data 17 de Xullo de 2019 co seguinte contido :

1.º- Aprobar inicialmente o devandito Padrón fiscal por un importe total de Douscentos setenta mil trescentos setenta e nove euros con noventa céntimos (270.379,90 €) incluído o Imposto sobre o valor Engadido e o Canon de Auga Xunta.

2.º- Expoñelo ao público por espazo de UN MES contado desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Artículo 124.3 da Lei 230/63 de 28 de Decembro).-

B) Unha vez examinado o Padrón Fiscal Municipal da Taxa por Saneamento e Depuración de Augas confeccionado para o ano 2018 e encontrándoo conforme, a Xunta de Goberno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda Ratificar á Resolución dictada pola Alcaldía de data 17 de Xullo de 2019 co seguinte contido :

1.º- Aprobar inicialmente o devandito Padrón fiscal por un importe total de Cento vinte e tres mil cento trinta e seis euros con noventa e oito céntimos (123.136,98 €).-

2.º- Expoñelo ao público por espazo de UN MES contado desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Artículo 124.3 da Lei 230/63 de 28 de Decembro).-

C) Unha vez examinado o Padrón Fiscal Municipal da Taxa por Utilización privativa ou aproveitamento especial por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de aparcadoiro exclusivo, carga, descarga e outras actividades en interese particular ano 2018 e encontrándoo conforme, a Xunta de Goberno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda Ratificar á Resolución dictada pola Alcaldía de data 17 de Xullo de 2019 co seguinte contido :

1.º- Aprobar inicialmente o devandito Padrón fiscal por un importe total de Seis mil douscentos cincuenta e un euros con cincuenta céntimos (6.251,50€).-

2.º- Expoñelo ao público por espazo de UN MES contado desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (Artículo 124.3 da Lei 230/63 de 28 de Decembro).-

Por non ter máis asuntos dos que tratar levántase a sesión polo Alcalde-Presidente, ás **21:15 horas**, do día en curso de todo o que eu como secretario, dou fe.